

## A/A XEFATURA TERRITORIAL DE PONTEVEDRA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

Avda. María Victoria Moreno, 43 5ª Pl. - 36003 - Pontevedra (Pontevedra)

**Asunto:** Alegacións ao estudo de impacto ambiental e as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción, proxecto sectorial (proxecto de interese autonómico) e a solicitude de declaración de utilidade pública, en concreto, das instalacións do parque eólico Outeiro Grande, emprazado nos concellos da Estrada e Forcarei (Pontevedra) (expediente IN661A 2011/1-4)

Don/Dona \_\_\_\_\_ con DNI. Número \_\_\_\_\_, con domicilio a efectos de notificacións en \_\_\_\_\_, municipio de \_\_\_\_\_, provincia \_\_\_\_\_, teléfono \_\_\_\_\_.

### **EXPÓN:**

Á vista do Anuncio da Área de Industria e Enerxía da Subdelegación do Goberno en Pontevedra polo que se somete a información pública o estudo de impacto ambiental e as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción, proxecto sectorial (proxecto de interese autonómico) e a solicitude de declaración de utilidade pública, en concreto, das instalacións do parque eólico Outeiro Grande, emprazado nos concellos da Estrada e Forcarei (Pontevedra) (expediente IN661A 2011/1-4) expoño as seguintes alegacións.

- 1) **Os aerogeradores OG-01 e OG-04 atópanse a menos de 500 metros de núcleos de poboación como Fraíz (Sta. María de Olives) en A Estrada e Espiñeiros (San Xoán de Meavía) en Forcarei**, o proxecto non conta coas pas dos aerogeradores, elemento indispensable para a produción enerxética (incumprindo o Plan Sectorial Eólico de Galicia).
- 2) **O Parque Eólico incumpre as novas disposicións establecidas pola Xunta de Galicia (art. 39 da Lei de acompañamento Lei 182021) respecto a distancia a núcleos de poboacións** afectando aos núcleos anteriores e aos seguintes núcleos estradenses:
  - **Pazos** (Sta. María de Olives) a 725m do aerogerador OG-02.
  - **Parada** (Sta. Baía de Pardemarán) a 690m do aerogerador OG-02.
  - **A Somoza** (Sta. María de Olives), a 740m do aerogerador OG-02 e 840m do aerogerador OG-01.
- 3) A relación de bens afectados (RBA) non contempla a afección da **zona de protección eólica** (200 m. ao redor de zona de voo de cada aerogerador) na que se ven reducidos os dereitos e liberdades dos propietarios polo que debe haber unha valoración económica explícita desta perda. Esta recoñecemento debe incluírse no RBA relacionando titulares, parcelas e superficie afectada.
- 4) Os terreos afectos polo parque eólico pasan a ser Solo Rústico de Protección de Infraestruturas o que pode resultar **incompatible coa percepción de axudas da Política Agraria Común (PAC)**.
- 5) **O Parque Eólico Outeiro Grande situase nunha zona de servidume aeronáutica**. Deberá contar co acordo previo favorable da Agencia Estatal de Seguridade Aérea (AESA) e para elo elaborar varios estudos.
- 6) **Non se avalía de maneira obxectiva a alternativa 0 (non construción do parque eólico)** en relación a tódolos aspectos ambientais e socioeconómicos.
- 7) **Varios aerogeradores afectan a zonas de concentración parcelaria** (Monte Pardemarán-Lamas-Olives e Faíz) o que conleva á perda da aptitude agroforestal.

- 8) **Catro aeroxeradores están situados en zona de sensibilidade ambiental máxima**, onde está recomendada a non implantación de enerxía eólica segundo o Ministerio correspondente.
- 9) **Non se xustifica correctamente o proxecto como “Proxecto de Interese Autonómico”** por incidir en contradicións co Plan Sectorial Eólico de Galicia.
- 10) **Non se avalían correctamente medidas para previr afeccións sobre as traídas de auga veciñais** existentes e en tramitación.
- 11) **O aeroxerador OG-04 atópase na zona de policía dun curso fluvial**, afluente do rego das Cerqueiras.
- 12) **Parte do parque eólico localízase nunha área prioritaria para a avifauna e “zona de protección da avifauna contra a colisión e electrocución en liñas eléctricas de alta tensión”.**
- 13) **O proxecto sitúase moi preto das “Brañas de Xestoso”, Zona de Especial Conservación** o que supón un perigo para a conservación deste espazo, en especial para as aves.
- 14) **O parque eólico afecta directamente a elementos patrimoniais** como a mámoa de Pena Abeleira ou Coto do Castro, o impacto sobre este último é crítico.
- 15) **Para o estudo acústico, as distancias entre os aeroxeradores e os núcleos de poboación non se atopan correctamente indicadas** considerándose unha análise irreal. Así mesmo, **os cálculos dos niveis de ruído contén unha serie de erros** dando lugar a resultados enganosos.
- 16) **O impacto paisaxístico e visual é crítico e está minimizado.**
- 17) **A metodoloxía empregada para analizar as aves e morcegos contradí a viabilidade do mesmo** e o estudo de morcegos presenta graves defectos na metodoloxía.
- 18) **O impacto turístico do proxecto é maior ao valorado**, non se analizan todos os elementos afectados na contorna.
- 19) **O Estudo de Impacto Ambiental non recolle toda a normativa ambiental vixente vinculante** como os PXOM de A Estrada e Forcarei.

En virtude de todo o exposto,

**SUPLICO:** A non construción do parque eólico en base ao rexeitamento das solicitudes de autorización administrativa previa e de construción, proxecto sectorial (proxecto de interese autonómico) e a solicitude de declaración de utilidade pública, en concreto, das instalacións do parque eólico Outeiro Grande, emprazado nos concellos da Estrada e Forcarei (Pontevedra) (expediente IN661A 2011/1-4).

A Estrada, a, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2022